AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA

Xacobeo 2027

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA E A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA (AMTEGA) PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS DIXITAIS E O USO DE SERVIZOS TECNOLÓXICOS TRANSVERSAIS XESTIONADOS DENDE A AMTEGA

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

REÚNENSE

Dunha parte, don Andrés Lago Louro, actuando en representación do Consello Consultivo de Galicia, segundo o nomeamento contemplado no Decreto 183/2024, do 3 de outubro (DOG nº 193, do 7 de outubro), en calidade de Presidente, actuando en virtude das facultades conferidas polo artigo 18 da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia e o artigo 13 do Decreto 91/2015, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Consello Consultivo de Galicia; con CIF-1500011J, e sede social no Pazo de Amarante, R/ Algalia de Abaixo, 24-2º, 15704 Santiago de Compostela.

E doutra, don Damián Rey Rodríguez director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en diante Amtega), nomeado polo Decreto 117/2025, do 29 de decembro, (DOG núm. 251, do 30 de decembro) en virtude das facultades que lle confire o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos (modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011).

Ambas partes, recoñécense mutuamente o interese e a capacidade e representación necesarios para a sinatura do presente acordo de colaboración e a estes efectos,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que, segundo o artigo 9 do Estatuto da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia aprobado polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, a Amtega ten entre as súas competencias, a dirección e a xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: LBRz4Z3kl2r2 https://sede.xunta.gal/cve

Así mesmo, de acordo co artigo 5 do Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, queda desconcentrada na persoa titular da dirección da Amtega a competencia para subscribir con entidades públicas e privadas, en nome da Amtega, convenios de colaboración excluídos da lexislación de contratos do sector público.

Segundo.- Que o Consello Consultivo de Galicia, creado pola Lei 9/1995, do 10 de novembro, e regulado na actualidade pola Lei 3/2014, do 24 de abril, é o supremo órgano consultivo da Xunta de Galicia e das administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia. Actúa con independencia respecto a calquera órgano e, en garantía dela, desfruta de autonomía orgánica e funcional, non estando os seus membros ligados por ningún mandato imperativo.

Que para o exercicio axeitado das súas funcións, o Consello Consultivo de Galicia pode subscribir convenios con administracións públicas, así como colaborar con outras Administracións.

Terceiro.- A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, establece no seu artigo 14 que a Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades do sector público, ou estas entre elas, poderán formalizar acordos de colaboración ou cooperación para o servizo aos intereses xerais mediante o desempeño conxunto de tarefas de interese público da súa competencia.

A colaboración ou cooperación consistirá na participación conxunta e efectiva no desenvolvemento da actividade común, mediante achegas de traballos de organización, medios persoais e materiais ou recursos financeiros para a finalidade compartida, de acordo coas respectivas competencias, e será sempre diferente das estruturas contractuais onerosas reguladas na lexislación de contratos do sector público.

Por outra banda, o Consello da Xunta, na súa xuntanza do 1 de agosto de 2014, acordou aprobar "*as instrucións para o establecemento dun modelo de sustentabilidade para a dixitalización dos servizos públicos*".

C**uarto.-** Que a Amtega xestiona sistemas de información, medios e infraestruturas tecnolóxicas que contribúen ao funcionamento dixital da administración pública galega. O nivel de prestación dos servizos e actuacións da Amtega lévase a cabo con arranxo ao seu plan de acción anual, baixo a vixencia e de acordo co pertinente contrato plurianual de xestión, en atención ás posibilidades de dedicación de recursos materiais e económicos propios da Amtega e/ou transferidos por outras entidades.

Que a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, regula no seu artigo 118 o catálogo dos sistemas dixitais, no que se recollerán as aplicacións, os sistemas de información e as infraestruturas tecnolóxicas que utilizan ou se poñen a disposición dos órganos e entidades do sector público autonómico para o seu funcionamento interno, para a prestación de servizos á cidadanía e para a relación con outras administracións.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: LBRz4Z3kl2r2 https://sede.xunta.gal/cve

Quinto.- Que o Consello Consultivo de Galicia considera que dentro dos servizos, aplicacións, infraestruturas e plataformas que xestiona a Amtega, existen varias solucións útiles para dar resposta ás súas necesidades dos seus ámbitos de actuación.

Sexto.- Tendo en conta o anterior e seguindo o modelo de sustentabilidade para a dixitalización dos servizos públicos, o Consello Consultivo de Galicia e a Amtega manifestan a súa vontade de colaboración e con tal finalidade acordan a sinatura deste acordo con suxeición ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O presente acordo ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre o Consello Consultivo de Galicia e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), para a utilización de servizos, sistemas e infraestruturas xestionados pola Amtega que son de interese para o Consello Consultivo de Galicia dentro do principio de racionalización dos recursos TIC.

Segunda.- Ámbito de aplicación

No Anexo I a este acordo establécense as prestacións incluídas neste acordo de colaboración.

As actuacións previstas neste acordo veranse complementadas para a súa plena operatividade por actividades de carácter xeral ao desenvolvemento, soporte e implantación de sistemas de información levadas a cabo pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia dentro do seu ámbito competencial.

Terceira.- Compromisos das partes

O Consello Consultivo de Galicia asume os seguintes compromisos ao abeiro deste acordo:

- Colaborar e prestar a asistencia que requira a Amtega no cumprimento das obrigas establecidas neste acordo.
- Colaborar no financiamento das actuacións obxecto do presente acordo de conformidade coa estimación orzamentaria incluída nel, ou con transferencias de crédito específicas para actuacións singulares cando así resulte necesario.
- Concertar e colaborar coa Amtega na realización das probas de acceso, rendemento e de monitorización dos servizos asociados, para validar o correcto acceso aos servizos incluídos neste acordo por parte do persoal do Consello Consultivo de Galicia.
- Tramitar as solicitudes de altas, baixas e modificacións de permisos e accesos das persoas autorizadas para o uso dos servizos incluídos neste acordo.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: LBRz4Z3kl2r2 https://sede.xunta.gal/cve

- Velar polo cumprimento das pautas e políticas de bo uso dos sistemas, conforme ás instrucións publicadas pola Amtega para cada sistema incluído no alcance deste acordo.
- Colaborar coa Amtega na implantación progresiva de ferramentas transversais corporativas de Administración Electrónica.
- Participar activamente na definición e probas dos sistemas de información xestionados.

A Amtega asume os seguintes compromisos ao abeiro deste acordo:

- A Amtega prestará os servizos en materia de tecnoloxías da información e das comunicacións de acordo co que dispoña o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus Estatutos, modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, o contrato plurianual de xestión da dita axencia e os correspondentes plans de acción anuais. O nivel de prestación dos servizos e actuacións da Amtega levarase a cabo con arranxo ao seu plan de acción anual, baixo a vixencia e de acordo co pertinente contrato plurianual de xestión, en atención ás posibilidades de dedicación de recursos materiais e económicos transferidos polo Consello Consultivo á Amtega, segundo o establecido nas cláusulas deste convenio.
- A xestión integral e segura dos medios dos postos de traballo do persoal do Consello Consultivo de Galicia, incluíndo a progresiva renovación e evolución do equipamento de posto de traballo do persoal do Consello Consultivo de Galicia, cun límite anual de adquisición de equipos que non supere o importe establecido no apartado C) do Anexo II. Non obstante o anterior, o Consello Consultivo de Galicia poderá, se o considera preciso, adquirir equipamento adicional á marxe do presente acordo e con cargo ao seu orzamento. Este equipamento quedará integrado nos procesos de xestión e administración do posto de traballo sempre e cando sexa conforme aos criterios de posto de traballo establecidos pola Amtega.
- A adaptación e redimensionamento tanto dos seus servizos xerais de atención ás persoas usuarias (CAU) coma os seus servizos de atención in situ para prever a atención ás persoas e aos postos do Consello Consultivo de Galicia.
- O primeiro nivel de atención e soporte ao persoal do Consello Consultivo de Galicia para a atención no uso dos servizos proporcionados pola Amtega ao abeiro deste acordo, así coma atender posibles incidencias de segundo nivel, a través dos procedementos habituais de soporte.
- O impulso, en colaboración co Consello Consultivo de Galicia, á implantación progresiva de ferramentas transversais corporativas de Administración Electrónica.
- Dentro dos límites orzamentarios deste acordo, levará a cabo a tramitación administrativa e a adxudicación do contrato ou contratos que teñan lugar para a

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: LBRz4Z3kl2r2 https://sede.xunta.gal/cve

realización do obxecto definido, de ser o caso. Para isto, a Amtega, como órgano de contratación, iniciará e aprobará os correspondentes expedientes de contratación, correspondéndolle o seguimento e a dirección das actuacións obxecto do contrato. Así mesmo, facilitará o acceso aos medios e sistemas descritos no Anexo I.

- A entrega, ao final de cada exercicio, dun informe de resultados que recollerá toda a actividade executada ao abeiro deste acordo, especificando, entre outros, os medios e licenzas postas a disposición do Consello Consultivo de Galicia durante ese exercicio.

Cuarta.- Sustentabilidade das actuacións

Os servizos, sistemas e infraestruturas incluídos neste acordo de colaboración veñen sendo asumidas integramente pola Amtega principalmente a través da formalización de contratos celebrados con empresas externas.

A adhesión por parte do Consello Consultivo de Galicia implica as necesidades de incrementar as capacidades dos elementos acordados. A Amtega repercutirá ao Consello Consultivo de Galicia, de acordo co previsto neste acordo, o impacto que sobre os custos directos dos ditos contratos implica a utilización das distintas ferramentas por esa entidade. En ningún caso esta achega económica será con fins de lucro senón que se trata de repercutir o custo que realiza a Amtega para permitir a prestación dos servizos e uso dos sistemas e infraestruturas obxecto do acordo.

Quinta.- Financiamento

O Consello Consultivo de Galicia financiará as actuacións previstas neste acordo ata un importe máximo de 120.000,00 € con cargo ás aplicacións orzamentarias 20.01.111D.216 e 20.01.111D.626.0 dos orzamentos do Consello Consultivo de Galicia, coa seguinte distribución por anualidades:

Aplicación	Ano 2026	2027	Ano 2028	Total
20.01.111D.216	**21.000,00 €**	**21.000,00 €**	**21.000,00 €**	
20.01.111D.626.0	**19.000,00 €**	**19.000,00 €**	**19.000,00 €**	
	40.000,00 €	**40.000,00 €**	**40.000,00 €**	**120.000,00 €**

O detalle xustificado do importe detállase no anexo II deste acordo de colaboración.

O Consello Consultivo de Galicia achegará á Amtega o importe correspondente a cada anualidade mediante transferencia á correspondente conta do tesouro público, previa xustificación pola Amtega das actuacións levadas a cabo en cada exercicio ao abeiro do presente acordo.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: LBRz4Z3kl2r2 https://sede.xunta.gal/cve

Admitiranse achegas parciais, a conta da liquidación definitiva, ata o 80% do importe previsto para cada anualidade, previa xustificación pola Amtega das actuacións levadas a cabo e o importe correspondente ás mesmas.

En todo caso, antes do 15 de decembro de cada anualidade, a Amtega achegará ao Consello Consultivo de Galicia un informe xustificativo da totalidade das actuacións levadas a cabo ao longo dese exercicio.

As achegas que se realicen por parte do Consello Consultivo de Galicia non retribuirán á Amtega pola prestación dos servizos TIC que esta realiza ao Consello Consultivo de acordo coas súas competencias, se non que se empregarán por esta para a prestación dos indicados servizos, e, en particular, no financiamento das contratacións que resulte preciso realizar para a execución do presente acordo. Neste sentido, a colaboración da Amtega será a título gratuíto, dado que non se cobrarán prezo ou tarifa pola prestación dos servizos, nin se retribuirán os traballos de organización e xestión que se realicen coa estrutura e servizos técnicos propios da Amtega.

Sexta.- Comisión de Seguimento

Para velar polo cumprimento do estipulado, constituirase unha comisión paritaria de seguimento da execución do acordo, formada por dous representantes da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e dous representantes do Consello Consultivo de Galicia, que actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste acordo, promovendo, se o considera adecuado, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento. Asi mesmo, esta comisión resolverá os problemas de interpretación que puidesen xurdir, de acordo co previsto no artigo 49.f) da Lei de Rexime Xurídico do Sector Público.

A composición da dita comisión será a seguinte:

Pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, o director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, ou persoa na que delegue, e a titular da dirección da Área de Administración Dixital, ou persoa que a substitúa.

Polo Consello Consultivo de Galicia, o seu presidente e a súa secretario xeral, ou persoas que os substitúan.

Esta comisión estará presidida polo director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

As reunións poderán realizarse presencialmente ou mediante medios telemáticos, quedando constancia nunha acta dos resultados.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: LBRz4Z3kl2r2 https://sede.xunta.gal/cve

Ao final de cada anualidade a comisión de seguimento xerará un informe de estado e cumprimento anual do obxecto do presente acordo.

Sétima.- Medios humanos e materiais

A Amtega, co obxecto de garantir a adecuada execución das actuacións deste acordo, comprométese a asumir a dirección, organización e xestión dos traballos, para o que dispón da estrutura e servizos técnicos suficientes, facéndose responsable da súa calidade técnica. A Amtega, procederá, en consecuencia á asignación de medios humanos e materiais que sexan necesarios para as indicadas funcións. Sen prexuízo da súa dirección, organización e xestión dos traballos, a Amtega poderá contratar as subministracións e os servizos externos que sexan necesarios para a súa realización material, cando non conte cos medios precisos para levala a cabo. Estes contratos someteranse sempre ao establecido na lexislación de contratos do sector público.

Oitava.- Vixencia do acordo e prórroga

Este acordo producirá os seus efectos a partir da data da súa sinatura e a súa vixencia estenderase ata o 31 de decembro de 2028, podendo prorrogarse mediante a subscrición da/s correspondente/s addenda/s ata un prazo máximo de catro anos adicionais.

Novena.- Resolución

O presente acordo resolverase, ademais de polas causas establecidas no artigo 52.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do sector público, pola denuncia unilateral de calquera das partes previa comunicación á outra parte con tres meses de antelación.

Os efectos da resolución serán os previstos no artigo 52 da Lei 40/2015.

Sen prexuízo do anterior, serán causas de resolución as seguintes:

a) O mutuo acordo expreso das partes.

b) O vencemento do seu prazo de vixencia.

c) Incumprimento comprobado dos prazos e das demais obrigas asumidas polas partes. Neste caso, calquera das partes poderá facer á outra un requirimento para que, nun determinado prazo, dea cumprimento ás obrigas e aos compromisos asumidos. Se finalizado o prazo anterior a parte requirida persistise no seu incumprimento, a parte que fixo o requirimento notificaralle a concorrencia dunha causa de resolución e entenderase resolto o acordo, debendo indemnizar a parte incumpridora polos danos e prexuízos causados. A indemnización determinarase atendendo ao dano efectivamente producido, que deberá ser debidamente xustificado por calquera medio de proba admitido en dereito.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: LBRz4Z3kl2r2 https://sede.xunta.gal/cve

Décima.- Modificación

Este acordo, a proposta da Comisión de Seguimento, poderá ser modificado no seu contido en calquera momento por acordo mutuo e expreso das dúas partes asinantes. a través da formalización da correspondente adenda A modificación das prestacións a incluír poderá implicar a modificación do alcance orzamentario do acordo.

En cumprimento do establecido no artigo 34.1 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o presente acordo poderá ser obxecto de modificación para o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. A devandita modificación terá por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

Décimo primeira.- Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica de protección de datos de carácter persoal, aprobado polo Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

Décimo segunda**.- Inexistencia de relación laboral**

A subscrición do presente acordo non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais da Amtega que realicen as actividades obxecto deste acordo e o Consello Consultivo de Galicia.

Décimo terceira.- Publicidade

A sinatura deste acordo suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no acordo, e mailo resto de especificacións contidas nel, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Décimo cuarta.- Réxime xurídico e resolución de conflitos

Este acordo de colaboración ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico e polas demais normas de aplicación.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: LBRz4Z3kl2r2 https://sede.xunta.gal/cve

Mediante a firma do presente convenio, as partes comprométense a resolver de mutuo acordo no seo da Comisión de Seguimento os incidentes que poidan xurdir no seu cumprimento. As cuestións litixiosas que xurdan entre a partes durante desenvolvemento e execución do presente convenio e que non poidan ser resoltas pola Comisión de Seguimento someteranse a xurisdición contencioso- administrativa conforme ao disposto na lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso- administrativa.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste acordo, as partes asinan electronicamente este documento.

Andrés Lago Louro	Damián Rey Rodríguez
Presidente do Consello Consultivo de Galicia	Director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: LBRz4Z3kl2r2 https://sede.xunta.gal/cve

ANEXO I: RELACIÓN DE PRESTACIÓNS INCLUÍDAS NO ACORDO DE COLABORACIÓN

A) Xestión de medios físicos de posto de traballo

A partir da sinatura deste acordo de colaboración os medios nos postos de traballo (hardware e software) pasarán a ser xestionados integramente pola Amtega de acordo cos criterios e políticas de xestión de posto determinadas pola Amtega.

No momento da sinatura deste acordo, o equipamento do Consello Consultivo de Galicia é o que se indica na táboa seguinte:

Tipo de hardware		Nº	Antigüidade media
Equipamento de posto individual	Postos móbiles completos	6	1 anos
	Postos fixos completos	22	6 anos
	Portátiles complementarios	5	4 anos
Dixitalización e impresión	Impresoras/multifuncións departamentais	14	< 4 anos

Equipamento/dotacións de posto de traballo do Consello Consultivo de Galicia fóra do alcance deste acordo:

Tipo de hardware	Nº	Observacións
Consumibles de impresión	-	Con relación aos servizos de impresión, non se inclúen no presente acordo os gastos derivados de consumibles (tóner, reveladores, lubricante do fusor, papel,...), que deberán ser asumidos polo Consello Consultivo de Galicia.

Variacións substanciais deste equipamento poderán dar lugar a modificacións no alcance deste acordo.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: LBRz4Z3kl2r2 https://sede.xunta.gal/cve

B) Catálogo de software de posto de traballo

O software de posto de traballo para uso do persoal do Consello Consultivo de Galicia pasará a ser provisto a través das solucións corporativas xestionadas pola Amtega. No caso do software comercial de uso corporativo repercutirase ao importe do acordo o custo das licenzas dos usuarios. Recóllense a continuación os elementos corporativos suxeitos a custo unitario.

Altiris	31	Anual
CrowdStrike	31	Anual
EDR Cytomic	31	Anual
ADOBE ACROBAT PRO	3	Anual

No caso de que sexa software suxeito a custo e non estea recollido na lista anterior, este deberá ser asumido polo Consello Consultivo de Galicia.

C) Soporte, mantemento e evolución de sistemas de información

Os sistemas de información incluidos neste acordo son os seguintes:

- Páxina web do Consello Consultivo de Galicia (https://www.ccgalicia.es/)
- Páxina web da Comisión da transparencia (https://www.comisiondatransparencia.gal/)
- Sistema de tramitación electrónica Wanda, e as súas integracións cos sistemas transversais de administración dixital

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: LBRz4Z3kl2r2 https://sede.xunta.gal/cve

ANEXO II: ESTIMACIÓN ORZAMENTARIA

Detállase neste apartado a estimación orzamentaria deste acordo de colaboración.

	Uds	2026	2027	2028	Total
A.1) Xestión de medios físicos en posto de traballo – Soporte		21.000,00 €	21.000,00 €	21.000,00 €	63.000,00 €
A.1 – Prestación do servizo de soporte in-situ e atención de 2º nivel	--	21.000,00 €	21.000,00 €	21.000,00 €	63.000,00 €
A.2) Xestión de medios físicos en posto de traballo – Dotación de equipamento		4.500,00 €	4.500,00 €	4.500,00 €	13.500,00 €
A.2 – Evolución do equipamento de posto de traballo e impresión	--	4.500,00 €	4.500,00 €	4.500,00 €	13.500,00 €
B) Catálogo de software de posto de traballo (licenzas).		**1.714,10 €**	**1.714,10 €**	**1.714,10 €**	**5.142,30 €**
b.1) Licenzas de uso obrigatorio:					
Software comercial: Altiris	31	111,60 €	111,60 €	111,60 €	334,80 €
Software comercial: AV Crowdstrike	31	315,68 €	315,68 €	315,68 €	947,04 €
Software comercial: EDR Cytomic	31	343,37 €	343,37 €	343,37 €	1.030,11 €
b.2) Licenzas complementarias:					
Software comercial: Adobe Acrobat PRO	3	943,45 €	943,45 €	943,45 €	2.830,35 €
C) Soporte, mantemento e evolución de sistemas de información		12.785,90 €	12.785,90 €	12.785,90 €	38.357,70 €
a.2) Servizo de soporte, mantemento e evolución de sistemas de información (apartado C do anexo I)	--	12.785,90 €	12.785,90 €	12.785,90 €	38.357,70 €
IMPORTE TOTAL (A1 + A2 + B + C)		**40.000,00 €**	**40.000,00 €**	**40.000,00 €**	**120.000,00 €**

Asinado por: DAVID NOREÑA RODRÍGUEZ
Cargo: Presidente Axencia
Data e hora: 08/10/2026 13:06:30

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: LBRz4Z3kl2r2 https://sede.xunta.gal/cve
CVE: VMaHxDxtXfz1 https://sede.xunta.gal/cve